

Fina Casal Martínez (Narón, 1967) é economista, con experiencia en dirección e administración de empresas, e de xestión cultural nos ámbitos privado e público. Dirixe desde 2011 a Fundación Universidade de Vigo.

Licénciase en Ciencias Económicas e Empresariais (Sección Económicas) en 1990. A súa traxectoria profesional inicial desenvólvese entre 1990 e 1994 en responsabilidades do ámbito da xestión económica en distintas empresas. Desde 1996 a 2005 dirixe a Galería Sargadelos de Ferrol, con responsabilidades de xerencia, dirección de persoal e programación cultural. Entre 2005 a 2009 ocupa o cargo de xefa de gabinete da Consellería de Cultura e Deporte da Xunta de Galicia, desempeñando tarefas de dirección e coordinación de equipos; planificación estratéxica; e dirección e elaboración de contidos de proxectos, actos e eventos. Dende 2009 ata 2011 realizou diversos traballos de consultaría nos ámbitos da xestión cultural e estudos de mercado.

A súa formación inicial como economista complementábase coa realización de diversos cursos de especialización en ámbitos da administración de empresas (MBA), dirección de equipos e xestión económica da cultura.